



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do Master Universitario en Márketing, Consultoría e Comunicación Política*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 11 de abril de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN MÁRketing, CONSULTORÍA E COMUNICACIÓN POLÍTICA

1.- O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias, correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro como as universidades.

2.- O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios, establece no seu artigo 8.1.a a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanza impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares. Pola súa parte, o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen, na súa disposición adicional primeira, que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51 f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de dous anos dende a súa sinatura e, en todo caso, polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes dous anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

4.- O convenio ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos alumnos nas instalacións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

5.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC, ao entender que esta actividade pode resultar de grande interese para completar a formación dos futuros profesionais e facilitar a futura inserción laboral mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas.

6.- O presente convenio non comporta obrigas financeiras ou contraprestación económica para ningunha das partes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

